



MEMORIA XUSTIFICATIVA DE TRANSPARENCIA

Convenio de colaboración entre a Consellería de Facenda e Administración Pública e a Asociación Gallega de Ludópatas en Rehabilitación (AGALURE) para o desenvolvemento de accións en materia de xogo responsable, durante o ano 2024

O secretario xeral técnico e do Tesouro da Consellería de Facenda e Administración Pública,

DECLARA

Que a Consellería de Facenda e Administración Pública e a Asociación Gallega de Ludópatas en Rehabilitación (AGALURE) teñen previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o momento da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2024, sen prexuízo de que se podan atender gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto outorgarlle unha subvención de concesión directa segundo o disposto no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia á AGALURE para o financiamento de parte dos gastos de aluguer do centro asistencial da asociación situado na rúa Pasteur, 30 baixo (A Coruña), na que desenvolven as súas accións de prevención, promoción, divulgación, información, asesoramento en materia de xogo responsable.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

A sinatura deste convenio responde ao interese público de garantir a sustentabilidade dunha asociación que presta atención especializada a persoas que padecen ludopatía e problemas derivados da adicción ao xogo, e realiza funcións de información, orientación e sensibilización ao conxunto da sociedade.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

Santiago de Compostela, na data da sinatura

O secretario xeral técnico e do Tesouro

David Cabañó Fernández

